



## AZALEA MUCRONADA

### Rhododendron mucronatum

*SABÍAS QUE...? As flores requiren polinización por "zumbido" ou vibratoria. A abella aférrase á flor e move rapidamente os seus músculos alares (vibración). É unha técnica para afrouxar o pole das anteras e extraelo facilmente.*

É un xénero de plantas anxiospermas pertencente á familia Ericaceae, que contén máis de 1000 especies coñecidas. Pertence ao xénero Rhododendron, no cal se atopan tamén as Azaleas. Este xénero está amplamente estendido, aínda que a maior diversidade dáse en pártia sueste da cordilleira do Himalaia, desde Nepal central e o Leste de Sikkim até Yunnan e Sichuan, con outras zonas tamén de relevante diversidade nas montañas de Indochina, Xapón e Taiwan.

**Nome común:** Azalea mucronada (cast.); Azalea mucronada (gal.); Mucronated azalea (ing.).

#### Etimoloxía:

- Rhododendron: nome xenérico que deriva das palabras gregas **ῥόδον**, rhodon = "rosa" e **δένδρον**, dendron = "árbole"
- mucronatum: do latín mucronatus-a-um, provisto dun mucrón ou unha punta fina, referíndose ás súas follas

**Descrición da especie:** Arbusto de 1-2 m de altura. Moi ramificado, de follaxe persistente ou semipersistentes. Follas elípticas ou lanceoladas de cor verde opaca na cara superior, provistas de pelos castaños ou agrisados, brevemente pecioladas flores cor branca, en forma de trompeta, moi perfumadas producidas en numerosos acios con lustrosas follas ovaladas. Florecen en novembro durante un curto período de tempo (anualmente), pero durante ese breve tempo convértese nun asombroso despregamento de cor.

